

Á MESA DO PARLAMENTO

Juan Manuel Fajardo Recouso, deputado pertencente ao **Grupo Parlamentar da Alternativa Galega de Esquerda**, ao abeiro do disposto no artigo 157 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Pregunta** para a súa resposta oral en **Pleno** .

A situación económica Galega é un auténtico drama, a pesar dos moitos esforzos do Goberno por tratar de debuxar un entorno irreal e de recuperación que non se axusta a realidade social do país.

Durante meses o Goberno foi quen de plantexar que o emprendemento sería a vía de escape ao desemprego dos galegos e galegas, pero sempre sobre a base da publicidade e non dos compromisos serios, cuantificados e realizables, o que ten desembocado na situación dos autónomos do 2015. No que levamos de ano desapareceron máis de 1.200 autónomos no país, en apenas dous meses destruíuse o 38% do traballo autónomo, supostamente xerado en todo o 2014.

Por todo isto, **Alternativa Galega de Esquerda (EU-ANOVA)**, formula a seguinte pregunta para a súa resposta oral en **Pleno**:

Que medidas ten previsto desenvolver o Goberno galego para dar saída á dramática situación do emprego autónomo no país, de xeito que se melloren as cifras de destrución de emprego no sector que se manexan no comezo de ano?

Santiago de Compostela, 3 de marzo de 2015.

Asdo.: Juan Manuel Fajardo Recouso

Deputado do G.P. da AGE.



Asinado dixitalmente por:

Juan Manuel Fajardo Recouso na data 03/03/2015 18:18:22